



Galicia España Europa Internacional

Emilia Seoane Pérez

Conselleira EURES (EUROpean Employment Services)
Profesora da Universidade de Vigo
eures.universidade.emilia@uvigo.es

Espazo Europeo de Educación Superior: Momento actual do proceso

Dende 1999, coa Declaración de Ministros de Educación Superior de Boloña, as cidades de Praga (2001), Berlín (2003), Bergen (2005) e Londres (2007) viñéronse sucedendo como escenarios europeos nos que se elaboraron declaracións e comunicados de vital transcendencia, e constituíndose en fitos no longo percorrido da construción do Espazo Europeo de Educación Superior. No 2009 será Bruxelas o lugar do próximo encontro.

Como parte dese proceso, entran en escena os diferentes estados participantes, aos que compete deseñar e crear o propio marco legal para a súa consecución e materialización. Visto o anterior, os ritmos, tanto cos que se legisla como cos que se implanta, son diferentes e manteñen, en todo caso, o 2010 como o horizonte previsto pola citada Declaración para o logro íntegro dos seus obxectivos. Pódese

encontrar máis información no n.º 49 de *Eduga* (pp. 40-42).

España adheriuse, dende o seu inicio, á Declaración de Boloña e, a partir de aí, foi dando pasos cara á súa incorporación na converxencia europea. Así, para a elaboración de títulos universitarios de grao e máster, de acordo coas liñas xerais que emanan do Espazo Europeo de Educación Superior, o Ministerio de Educación e Ciencia publica varios documentos de traballo que recollen as directrices xerais. O 26 de outubro do 2007, apróbbase o Real decreto 1393/2007 (BOE, 30/10/07) polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais españolas, norma que regula os aspectos básicos da ordenación das titulacións universitarias e o procedemento de verificación e acreditación que han de superar os plans de estudos.

Este Real decreto adopta unha serie de medidas que flexibilizan a organización das ensinanzas universitarias e promoven a diversificación curricular. A nova

composición destas ensinanzas require, non só un cambio estrutural, senón que leva, ademais, cambios significativos nas metodoloxías e procedementos de avaliación das aprendizaxes. Estamos, pois, ante o reto de conseguir para os estudantes unha formación, non só en coñecementos, senón tamén en competencias.

No marco legal que regula as novas ensinanzas universitarias oficiais, hai que salientar certos aspectos de carácter xeral referentes aos tres niveis educativos:

- Ademais dos principios que emanan da construción do Espazo Europeo de Educación Superior, existen tres marcos legais e normativos de referencia: o estatal, o autonómico e o imposto por cada universidade.
- Establécese unha nova estrutura: as universidades impartirán ensinanzas de grao, máster e doutoramento, conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais de graduado ou graduada, máster universitario e doutor ou doutora.



me

- Os títulos oficiais expediranse en nome do Rei, polo reitor ou reitora da universidade na que se rematasen as ensinanzas que dan dereito á obtención do título.
- Unha vez acreditados os títulos, estes deben inscribirse no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).
- Os principios xerais que han inspirar o deseño dos novos títulos e os seus plans de estudos, deberán ter en conta que a formación en calquera actividade profesional debe contribuír ao coñecemento e ao desenvolvemento dos dereitos humanos, dos valores democráticos, da igualdade entre mulleres e homes, a solidariedade, a protección do medio, a accesibilidade universal e deseño para todos, e o fomento da cultura da paz.
- Créditos ECTS (Eropean Credit Transfer and Accumulation System), como unidade de medida que expresa os resultados da aprendizaxe e o volume

- de traballo realizado, para acadar os obxectivos establecidos no plan de estudos. A acumulación e transferencia de créditos é un sistema centrado no estudante e baseado na carga de traballo necesaria para a consecución dos obxectivos dun programa. Os ditos obxectivos están especificados en termos de resultados de aprendizaxe e competencias que hai que adquirir. Deste modo, pártese de que 60 créditos ECTS miden a actividade académica que un alumno ou alumna realiza, a tempo completo e durante un curso académico (asistencia a clases, titorías co profesorado, probas de avaliación, tempo de estudo independente, de realización de traballos, etc.) representando cada crédito de 25 a 30 horas de traballo.
- Un dos obxectivos fundamentais desta organización das ensinanzas, é fomentar a mobilidade dentro da propia universidade, nas distintas universidades españolas, nas europeas, así como nas doutras partes do mundo.

Para iso é imprescindible o Sistema de Recoñecemento e de Transferencia de Créditos cursados en ensinanzas oficiais, noutra universidade ou en diferentes estudos na mesma, que se establecen no novo marco legal.

- Suplemento Europeo ao Título (SET). Os títulos universitarios irán acompañados dun suplemento ao título que recollerá información sobre a identidade do titulado, a denominación do título, o nivel da titulación, contido e resultados obtidos, etc. Hai que ter en conta que o suplemento fai o título máis comprensible e facilmente comparable, mais non é un sistema automático que garanta o recoñecemento do título, nin a súa homologación noutros países.
- Implantación dos novos plans de estudos por parte das universidades. En 2010/2011, como moi tarde, deberán implantarse as novas titulacións e deixará de ofertarse o 1.º curso dos actuais títulos de licenciado, diplomado, arquitecto, enxeñeiro,



arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

As universidades poderán executar tamén os novos plans de estudos, de xeito simultáneo para un ou varios cursos, ou de maneira progresiva de acordo coa temporalidade que se contemple.

- Os títulos universitarios oficiais que se obtivesen conforme a plans de estudos anteriores á entrada en vigor destes novos, manterán todos os seus efectos académicos e profesionais.
- Cada universidade creará e propondrá, de acordo coa normativa superior establecida, as ensinanzas e títulos que desexa impartir e expedir. Para iso ten que elaborar os seus propios plans de estudos, mediante un proxecto de implantación dunha ensinanza universitaria que debe incluír os seguintes elementos: xustificación, obxectivos, admisión de estudantes, contidos, planificación, recursos, resultados previstos e sistema de garantía de calidade. Claro está que ten

que considerar no centro dos seus obxectivos a adquisición de competencias por parte do alumnado, e facer explícitos tamén os métodos de aprendizaxe das mesmas e os procedementos para avaliar a súa adquisición.

- Potenciarase dende os sistemas de acceso á universidade, a apertura aos estudantes procedentes doutros países do Espazo Europeo de Educación Superior e doutras áreas xeográficas, no marco dunha nova estratexia no contexto global da educación superior.
- Para a posta en marcha de calquera proxecto de título oficial, as universidades solicitarán a súa verificación polo Consello de Universidades. Por outra parte, este achegará o devandito plan á ANECA (Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación) para que elabore o informe de avaliación, que terá carácter determinante e preceptivo.

- Logo da autorización da comunidade autónoma e a verificación do plan de estudos, o Ministerio de Educación e Ciencia elevará ao Goberno a proposta para o establecemento do carácter oficial do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), cuxa aprobación en Consello de Ministros será publicada no BOE.

- Renovación da acreditación dos títulos. Transcorridos 6 anos dende o seu rexistro no RUCT, os títulos serán sometidos a un novo proceso de acreditación, e para a súa continuidade deberán obter un informe de acreditación positivo.

Situación actual

Neste curso académico xa se están impartindo másters no sistema universitario español baixo o modelo de programas oficiais de posgrao. Pero será no curso 2008/09 cando asistamos ao inicio da fase de implantación dos novos plans de estudos de títulos universitarios de grao e



de máster, ao abeiro da normativa establecida no Real decreto 1393/2007. Esta execución resulta, nuns casos maioritaria e noutros, de menor envergadura. Unha cuestión que responde ao feito de que as propias comunidades autónomas e cada universidade, teñen voz nesta fase do proceso, onde o cambio aínda ten carácter opcional.

Neste momento as facultades e as escolas universitarias das diferentes universidades do estado deseñan os proxectos dos novos títulos que se executarán no curso 2009/2010. Aqueles que se implantarán no curso 2008/2009 xa foron presentados ao Consello de Universidades.

Máis información

Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, que senta as bases precisas para realizar unha profunda modernización da universidade española.

Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais.

No próximo n.º 54: Espazo Europeo de Educación Superior: Os novos títulos universitarios.

A Comisión Europea acaba de aprobar o Plan anual de actividades 2008/2009, presentado polo EURES (EUROPEAN EMPLOYMENT SERVICES) Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

Ao abeiro deste plan, os órganos parceiros portugueses e galegos desenvolverán diferentes actividades ao longo deste exercicio. Así, a Universidade de Vigo continuará con novas edicións das ofertas educativas que veu desenvolvendo estes anos pasados, e que van dirixidas a colectivos implicados na formación e no emprego dende os escenarios europeos e transfronteirizos.

As actividades que se celebrarán ata marzo do 2009 son:

- Seminario EUREST-Universidade-Empresa, como parte das sesións periódicas de comunicación entre a Universidade de Vigo e os empregadores (4.ª edición).
- Forum Interuniversitario EURES-Transfronteirizo-Persoal Docente e Investigador de Universidades (4.ª edición).
- Obradoiros de Técnicas de Busca de Emprego na Euro-Rexión Galicia-Norte de Portugal e en Europa (7.ª edición).
- Xornada de Comunicación cos colexios profesionais, como sesións periódicas de comunicación da Universidade de Vigo, no marco de EURES-Transfronteirizo, cos colexios e asociacións profesionais (2.ª edición).
- ForumEmprego Universitario 2009, 8.ª Xornadas Universitarias de Emprego de Galicia-Norte de Portugal, que se celebrarán en cada un dos tres campus da Universidade de Vigo (8.ª edición).

Estas accións encádranse na prioridade 6ª das directrices de EURES, que consiste en elaborar e difundir información sobre a mobilidade profesional, establecer contactos sistemáticos con grupos e colectivos específicos relacionados coa mobilidade, dende a perspectiva do emprego e da formación. Todo isto reverte nos estudantes universitarios e naqueles que finalizaron estudos.

Un ano máis, a Comisión Europea valora favorablemente a memoria de actividades realizadas por esta entidade parceira. As propostas presentadas pola Universidade de Vigo para o actual exercicio (abril 2008-marzo 2009) foron aprobadas tamén e concedéronse os orzamentos para a súa organización e execución.